

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/12/2018 13:24:01

SAIDA

15646/18

Colexio de Médicos da Coruña
Av. Salvador De Madariaga, 66 entresuelo
15008 A Coruña

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 0110/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 31 de xullo de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno con data do 13 de setembro de 2018, que foi remitido por este organismo con data do 17 de setembro de 2018 ao Valedor do Pobo, por entender que é un asunto competencia da Comisión de Transparencia de Galicia, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do Colexio Oficial de Médicos da Coruña.

O reclamante expón que con data do 27 de xullo de 2018, solicitou información pública ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña, da que non se lle deu resposta pasado un mes e con data do 12 de setembro reiterou a solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude ao referido Colexio na que solicita que se lle remitan as alegacións presentadas pola médico que participou na súa intervención médica, ás que se fai referencia nunha resolución que lle notificou o referido Colexio, dunha queixa presentada polo reclamante.

Segundo. Con data do 20 de setembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude polo Colexio foi o 27 de setembro de 2018.

Terceiro. Con data 11 de setembro de 2018 o Colexio Oficial de Médicos da Coruña contesta a petición remitindo o informe, no que en resumo, indica que a queixa presentada polo interesado céntrase nunha imputación de responsabilidade no desenvolvemento das actuacións sanitarias dunha profesional, o que en principio xa resulta alleo á competencia do Colexio que unicamente pode valorar ou decidir sobre cuestións de carácter ético e deontolóxico dos profesionais médicos.

Aínda así, solicitouse información á médica colexiada afectada que informa sobre a cuestións da praxe sanitaria seguida (acto médico os seus antecedentes e consecución), información da que se conclúe que o acto médico obxecto da queixa foi correcto en todo momento, acorde cos protocolos de actuación esixidos.

O Colexio en reunión da Xunta Directiva de data 3 de xullo de 2018 resolveu, estudiaa a queixa e as alegacións, que non se aprecia falta deontolóxica e ordena o arquivo das actuacións. A resolución notificouse ao interesado con data 10 de xullo de 2018, por correo certificado, que tras un segundo intento de notificación recolleuse con data do 18 de xullo de 2018.

O Sr. ██████ presentou con data 27 de xullo de 2018, recurso de alzada contra a resolución do referido Colexio ante o Consello Galego de Colexios Médicos e escrito solicitando a remisión de copia das alegacións da facultativa. A solicitude resólvese na primeira reunión ordinaria desde a data de solicitude que se celebra o día 4 de setembro de 2018 e na que se acorda informar ao Sr. ██████ que ten á súa disposición ditas alegacións para proceder á súa lectura no Colexio e que se desexa copia das mesmas debe solicitala xudicialmente.

A resolución enviouse ao interesado con data do 2 de setembro de 2018, que a recolle con data do 22 de setembro de 2018, persoándose no Colexio Oficial de Médicos da Coruña o día 24 de setembro de 2018, onde se lle facilitou a lectura e toma de anotacións tal e como solicitaba, sen limitación de tempo algún para o seu análise e valoración.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente o solicitante presentou a súa reclamación con data do 13 de setembro de 2018 ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, unha vez transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude sen que tivera recibido nesa data a resolución do Colexio, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado presenta unha reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia, por non ter resposta na data na que a presentou, a unha petición dun determinado documento dentro dun procedemento de queixa por unha actuación médica que o interesado considera que non foi a correcta.

No informe do Colexio Oficial de Médicos da Coruña confírmase que a petición do documento, en concreto as alegacións que presentou a médica afectada, atópanse dentro de dun procedemento de queixa do interesado sobre posible imputación de responsabilidade no desenvolvemento das actuacións sanitarias dunha profesional que foi resolta polo Colexio, notificada ao interesado e contra a que o Sr. ██████ presentou recurso de alzada ante o Consello Galego de Colexios Médicos.

Non existe por tanto no presente caso unha solicitude de información pública non atendida fronte ao que o interesado reclame, senón un procedemento de queixa no que o reclamante é interesado, que se resolve polo procedemento que o Colexio ten establecido e que remata por resolución da Xunta Directiva do Colexio, contra a cal existe a posibilidade de presentación do recurso de alzada, com o así fixo [REDACTED] ante o Consello Galego de Colexios de Médicos.

De acordo co anterior, ao non ter por obxecto a reclamación presentada polo [REDACTED] impugnar a falta de contestación a unha solicitude de acceso á información, senón a falta de contestación en prazo a unha petición realizada na tramitación dun procedemento de queixa por unha actuación médica, de conformidade co disposto no artigo 116.c da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a inadmisión da reclamación presentada, por non tratarse dun acto susceptible de recurso en materia de acceso á información pública.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 13 de setembro de 2018, contra a falta de contestación en prazo a unha petición de documentación por parte do Colexio Oficial de Médicos da Coruña nun procedemento de queixa por unha atención sanitaria.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga